

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 12 de xullo de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 12 de xullo do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Rafael Domínguez Artime, Vicepresidente primeiro da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Luisa María Sánchez Méndez, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, está presente a Viceinterventora, Susana Escaloni Varela.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente *Luis López Diéguez* e o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34016.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 5 de xullo de 2024.

2.34017.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A RECUPERACION E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARITIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (EXpte. 2024002464)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 16 de febreiro de 2024, aprobou as Bases de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024, publicadas no BOPPO núm. 43, de 29 de febreiro de 2024.

A Deputación Provincial, consciente da riqueza e singularidade do patrimonio marítimo-fluvial galego e da necesidade de preservalo e difundilo, promove, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, esta liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor dos bens que integran o patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o seu uso en actividades de promoción sociocultural.



A instrución do procedemento de concesión das subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizou de oficio cantas actuacións se estimaron necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, examinando as solicitudes e a documentación presentadas, requirindo ás entidades solicitantes a emenda de defectos ou omisións observadas.

Con data 28 de xuño de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico remite a Intervención a relación de todos os expedientes de solicitude presentados, xunto co informe-proposta de concesión de subvencións, para a súa fiscalización (CSV: 4BYQEUKM68WYSGB6).

Fiscalizadas as correspondentes solicitudes, emítase polo Servizo de Intervención, con data 1 de xullo de 2024, informe favorable sobre existencia de consignación, por un importe de 100.000,00 euros, con cargo á aplicación 24/332.3322.789.01 do vixente Orzamento provincial (CSV:S04M818Q5TOXSO8J).

Reunida a Comisión de Valoración instituída para tal fin, con data 2 de xullo de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa das características dos proxectos presentados e das valoracións efectuadas seguindo os criterios sinalados na base décimo segunda das bases reguladoras da convocatoria. Procédese á revisión e aceptación das valoracións realizadas, admitíndose favorablemente a totalidade das solicitudes presentadas, que cumpren con cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
-



- Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

Desde o punto de vista competencial, no artigo 46 da Constitución española establécese que os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade.

No título preliminar da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, recóllese que o seu patrimonio cultural está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban considerarse de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Así, a devandita lei galega determina o ámbito de competencias e o réxime da colaboración interadministrativa nos que se fomenta a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e na promoción do patrimonio cultural de Galicia. As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen a obriga de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024 ás 14 solicitudes que figuran na relación co CSV: YUXP7TB9R8JPWA8S.

3.34018.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2024 (EXPTE. 2024010382)

Primeiro. A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 19 de abril de 2024 aprobou as bases de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2024.



Segundo. Con data 24 de abril de 2024 publícanse as referidas bases no BOPPO núm. 80 de 24 de abril de 2024, establecendo nas mesmas que o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO e na BDNS.

Terceiro. Trala reunión da Comisión de Valoración nomeada ao efecto con data 05/07/2024, a xefatura do Servizo de Cultura, na mesma data, emite informe proposta respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de persoas beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas polos motivos que se indican.

Cuarto. Con data 08/07/2024 desde Intervención emiten informe de fiscalización favorable que figura no expediente co CSV: R4PLMK6CI0WKFQHK.

Fundamentos:

Primeiro. Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; artigo 232 no caso de tratarse de Asociacións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o art. 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.



Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

Cuarto.- Adicionalmente, de conformidade co establecido no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d) a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Quinto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas, de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión de subvencións a 14 entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra, no ano 2024, por un importe total de 165.000,00 € con cargo á aplicación 24/330.3340.489.05 e que figuran na relación que se achega co CSV: Z1C6GKA2F2PNR3RR.

Segundo.- Excluír desta convocatoria un total de once solicitudes, oito desistencias da solicitude e tres por non encaixar nas bases e que figuran no expediente co CSV: XDZIN7MXH6AXTINK.

4.34019.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN AREA DE XOGO PARQUE INFANTIL CAMBADOS E AREA XOGO PARQUE INFANTIL TORRADO”. (EXPTE. 2024022287)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



- Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021400, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de CAMBADOS na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 133.809,97 €, co obxecto do financiamento do investimento “REHABILITACION AREA DE XOGO PARQUE INFANTIL CAMBADOS E AREA XOGO PARQUE INFANTIL TORRADO”, cuxo orzamento ascende 133.809,97 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	133.809,97	133.809,97	0,00	0,00

- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª. Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente o ditame favorable da Comisión Técnica Municipal de Patrimonio Histórico e a autorización de Portos de Galicia que, segundo a documentación que obra no expediente, se está a tramitar mediante convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Cambados. Dito convenio unha vez formalizado e as devanditas autorizacións, serán achegados coa primeira xustificación do investimento subvencionado xunto coa acta de trazado previo (anexo III) e a resolución (ou o acordo) de aprobación do proxecto presentado conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 01/07/24, e da xefa do servizo de Cooperación de data 01/07/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cambados*, CIF: P3600600E, unha subvención por importe de 133.809,97 € co obxecto do financiamento do investimento “*Rehabilitación area de xogo parque infantil cambados e area xogo parque infantil torrado*” (Expte: 2024022287)”, cuxo orzamento ascende 133.809,97 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	133.809,97	133.809,97	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue o convenio de colaboración formalizado entre o concello de Cambados e Portos de Galicia, a autorización sectorial de Portos de Galicia e o ditame favorable da Comisión Municipal de Patrimonio, así como a acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada e o acordo ou resolución de aprobación do proxecto achegado. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.34020.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O GROVE AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA ENTREHORTAS”. (EXPTE. 2024020832)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 31/03/2024, mediante rexistro WEB2024020208, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de O Grove na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 98.251,84 €, co obxecto do financiamento do investimento “Humanización da rúa Entrehortas”, en base a un orzamento de 358.806,59 €. O importe restante ata completar o orzamento será co-financiado con fondos propios do Concello, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención -Plan+Provincia 2024	Fondos propios
358.806,59	98.251,84	260.554,75

- En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.



- O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso do importe íntegro correspondente da Liña 4 á Liña 1.
Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, achegando as autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnica competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 01/07/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 04/07/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/07/2024, e a súa dilixencia de corrección de erros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder ao *Concello de O Grove*, CIF: P3602200B, unha subvención por importe de 98.251,84 € co obxecto do financiamento do investimento “*HUMANIZACIÓN DA RÚA ENTREHORTAS*” (exp: 2024020832)”, cuxo orzamento ascende 358.806,59 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	358.806,59	98.251,84	0,00	260.554,75



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Grove*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.34021.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE TRES CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CHAÍN E TABOADELO”. (EXPTE.2024047262)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 25/03/2024, mediante rexistro WEB2024019376, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Ponte Caldelas* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 61.209,62 euros, co obxecto do financiamento do investimento “ENSANCHE DE CAMIÑO EN TABOADELO. PONTE CALDELAS”, cuxo orzamento ascende 61.209,62 €.

Revisada a documentación achegada, xunto a solicitude do *Concello de Ponte Caldelas*, obsérvase que está incompleta no referente á titularidade. En data 17/06/2024 notificaselle requirimento para que emende os defectos observados.



En data 03/07/2024, mediante rexistro WEB2024044461, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Ponte Caldelas* na que, ante a imposibilidade de resposta en prazo ao requirimento referente á solicitude de subvención para o investimento “*Ensanche de camiño en Taboadelo. Ponte Caldelas*” modifica a mesma e solicita unha subvención, por importe de 61.209,62 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*MELLORA DE TRES CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CHAÍN E TABOADELO*”, cuxo orzamento ascende 61.209,62 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
61.209,62 €	61.209,62 €	0,00 €	0,00 €

O orzamento contempla honorarios de redacción proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 4.174,50 €

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Augas de Galicia e da Deputación Provincial de Pontevedra.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial de Augas de Galicia e da Deputación Provincial de Pontevedra

As devanditas autorizacións, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 04/07/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 04/07/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Ponte Caldelas* (CIF:P3604300H), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 61.209,62 euros co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DE TRES CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CHAÍN E TABOADELO” (Expte: 2024047262)”, cuxo orzamento ascende 61.209,62 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos proprios do Concello
61.209,62€	61.209,62€	0,00€	0,00€

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 4.174,50 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial de Augas de Galicia e do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ponte Caldelas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.34022.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1- INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE HABILITACIÓN DE ESPAZO CUBERTO PARA USO SOCIOCULTURAL EN SAN ESTEVO DE BUDIÑO, FASE 1”.(EXPTE.2024022917)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022193, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Salceda de Caselas que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 88.056,13 €, co obxecto do financiamento do investimento “PROXECTO DE HABILITACIÓN DE ESPAZO CUBERTO PARA USO SOCIOCULTURAL EN SAN ESTEVO DE BUDIÑO FASE 1”, cuxo orzamento ascende 88.056,13 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
88.056,13 €	88.056,13 €	0,00 €	0,00 €



O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 5.687,00 €.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Confederación Hidrográfica Miño - Sil.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Confederación Hidrográfica Miño_Sil.

A devandita autorización será achegada coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 21/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 02/07/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salceda De Caselas* (CIF:P3604900E), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 88.056,13 € co obxecto do financiamento do investimento “*PROXECTO DE HABILITACIÓN DE ESPAZO CUBERTO PARA USO SOCIOCULTURAL EN SAN ESTEVO DE BUDIÑO FASE 1*” (Expte: 2024022917)”, cuxo orzamento ascende 88.056,13 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
88.056,13€	88.056,13€	0,00€	0,00€

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 5.687,00 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Confederación Hidrográfica Miño - Sil. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salceda de Caselas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



8.34023.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA CAPA DE RODADURA NO VIAL QUE UNE OS LUGARES DE O FUNCHAL E LARANXEIRAS NA PARROQUIA DE REBORDANS TUP”. (EXPTE.2024021511)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 01/04/2024, mediante rexistro WEB2024020632, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición (modificada en data 04/07/2024 WEB2024044728, por deficiencias no proxecto técnico) do *Concello de Tui* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 83.984,31 euros, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DA CAPA DE RODADURA NO VIAL QUE UNE OS LUGARES DE O FUNCHAL E LARANXEIRAS NA PARROQUIA DE REBORDANS TUP”, cuxo orzamento ascende 83.984,31 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
83.984,31 €	83.984,31 €	0,00 €	0,00 €

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Patrimonio.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural).

A devandita autorización serán achegada coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/07/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 04/07/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui* (CIF:P3605500B), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 83.984,31 € co obxecto do financiamento do investimento “*MELLORA DA CAPA DE RODADURA NO VIAL QUE UNE OS LUGARES DE O FUNCHAL E LARANXEIRAS NA PARROQUIA DE REBORDANS TUI*” (*Expte: 2024021511*), cuxo orzamento ascende 83.984,31 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
83.984,31€	83.984,31€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural). Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Tui*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.34024.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN DE VIAL MUNICIPAL NO LUGAR DE A MEDELA”. (EXPTE.2024020334)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2024, mediante rexistro WEB2024019712, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Valga* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 126.166,50 euros, co obxecto do financiamento do investimento “AMPLIACIÓN DE VIAL MUNICIPAL NO LUGAR DE A MEDELA”, cuxo orzamento ascende 126.166,50 €, desagregado en orzamento de execución por contrata por importe de 108.456,12 € e orzamento expropiacións por importe de 17.710,38 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
126.166,50 €	126.166,50 €	0,00 €	0,00 €



Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 28/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Valga* (CIF:P3605600J), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 126.166,50 € co obxecto do financiamento do investimento “*AMPLIACIÓN DE VIAL MUNICIPAL NO LUGAR DE A MEDELA*” (*Expte: 2024020334*), cuxo orzamento ascende 126.166,50 €, desagregado en orzamento de execución por contrata por importe de 108.456,12 € e orzamento expropiacións por importe de 17.710,38 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
126.166,50€	126.166,50€	0,00€	0,00€



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue a acreditación da dispoñibilidade dos terreos do tramo a expropiar necesarios para a execución do investimento. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Valga*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.34025.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN DE VIAL MUNICIPAL NO LUGAR DE O PINO. SETECOROS”. (EXPTE.2024020896)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2024, mediante rexistro WEB2024019772, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Valga* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 158.829,77 euros, co obxecto do financiamento do investimento “AMPLIACIÓN DE VIAL MUNICIPAL NO LUGAR DE O PINO. SETECOROS”, cuxo orzamento ascende 158.829,77 €, desagregado en orzamento execución contrata por importe de 146.173,36 € e orzamento expropiacións por importe de 12.656,41 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
158.829,77 €	158.829,77 €	0,00 €	0,00 €



Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, no que se refire ao tramo a expropiar, en canto se remate o expediente, o concello terá plena dispoñibilidade dos mesmos para levar a cabo a execución total do proxecto; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A devandita autorización será achegada coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27^a do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta

de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 28/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/07/2024, a Xunta De Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Valga* (CIF:P3605600J), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 158.829,77 € co obxecto do financiamento do investimento “*AMPLIACIÓN DE VIAL MUNICIPAL NO LUGAR DE O PINO. SETECOROS*” (exp: 2024020896)”, cuxo orzamento ascende 158.829,77 €, desagregado en orzamento execución contrata por importe de 146.173,36 € e orzamento expropiacións por importe de 12.656,41 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
158.829,77€	158.829,77€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Valga*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



11.34026.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO <PROGRAMA +BENESTAR 2024>”. (EXPTE. 2024017786)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo, fomentar a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

Cabe sinalar que o programa + Benestar ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, e desenvólvese desde fai máis de 15 anos, a través do cal se reciben unha media de preto de 4.000 solicitudes cada ano, o que constitúe unha proba do interese público deste tipo de actividades. Polo que aínda que con carácter xeral a actividade non pode considerarse como competencia provincial propia, o seu arraigo permite a súa continuidade unha nova edición máis

O programa conta con grande arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra ven desenvolvendo na área de persoas maiores, e a finalidade principal é facilitarlles ás veciñas e veciños da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros (balnearios, talasos ou spa).

Trátase, polo tanto, dun programa cun claro obxectivo social, xa que lles facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e como tratamento sanitario, que ademais contribúe á sostibilidade económica da provincia.

Dadas características dos traballos para levar a cabo a xefa do servizo de Benestar social, informa que a execución do programa require de dotación de persoal especializado (animación sociocultural) contratación de autobuses, planificación das saídas, visitas e esta institución carece de medios humanos para acometela, non dispoñendo de perfís profesionais adecuados, polo que ten que acudir a unha empresa externa especializada no sector para a xestión e desenvolvemento do mesmo.

Por todo o exposto, a xefa do servizo de Benestar Social coa conformidade da deputada delegada informa da necesidade de contratación do Servizo de xestión desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2024, que se caracteriza por ofrecer unha estadía de seis días e cinco noites, nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa con actividades de animación sociocultural, para un máximo de 2.127 prazas, destinado as persoas que cumpran os requisitos especificados na cláusula 1.1 do prego técnico.



Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria de data 3 de maio de 2024, adoptou o acordo: “14.33742.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2024*”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 3/05/2024 2 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5/05/2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Xunta de Goberno na súa sesión de data 31/05/2024 adoptou o acordo polo que se da conta da Resolución Presidencial número 2024004291 de data 24 de maio de 2024 pola que se avoca puntualmente a competencia como órgano de contratación para rectificar o prego de cláusulas económico administrativas co CSV: D0TTDERHZSLO3SP9, substituíndo o prego anterior co CSV F2G4HN72NDX6ALFH e concédese unha ampliación do prazo de presentación de ofertas de 7 días naturais.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 14 de xuño de 2024, procedeu á apertura electrónica dos sobres A, correspondentes a documentación administrativa, presentada polas empresas que participan neste procedemento, acordando admitir a seguinte empresa: HALCÓN VIAJES S.A.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliábel mediante criterios automáticos, presentado pola empresa que resulta admitida
Os valores ofertados pola empresa VIAJES HALCON S.A. (A-10005510) consta no certificado da Mesa co csv: 9N180GB1SI7R1XRT.

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, a puntuación que obtén a empresa Viajes Halcón S.A. é de: 72,09.

A Mesa de Contratación no súa reunión de data 20/06/2024 procedeu á clasificar a única oferta admitida e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa Viajes Halcón S.A., polos prezos e valores ofertados.

Por Resolución Presidencial nº 2024005273 de data 21/06/2024, requírese á empresa VIAJES HALCÓN S.A. para que achegue a documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.

Viajes Halcón S.A. presenta a documentación requirida (REX_WEB2024044385 > Doc. requirimento de data 3/07/2024), entre a que se atopa a constitución da garantía definitiva por importe de 44.098,02€ que figura depositada na Caixa da Deputación co número de carta de pago nº202400151841.



Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Adxudicar mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada , do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2024 á empresa *Viajes Halcón S.A.* (A-10005510) e de acordo co seguinte detalle:

1. Prezo unitario ofertado por persoa participante no programa para cada un dos 7 establecementos e categoría dos establecementos:

NOME DO ESTABLECEMENTO		Categoría do establecemento	PREZO UNITARIO POR PERSOA
1	Gran Talaso Hotel Sanxenxo	4 * sup	425 €
2	Balneario de Mondariz	4 * sup	420 €
3	Hotel Carlos I Silgar	4* sup	420 €
4	Talaso Hotel Louxo La Toja	4*	390€
5	Hotel Spa Norat Torre do Deza 4****	4*	360 €
6	Hotel Spa Galatea	4*	350 €
7	Hotel Nuevo Astur Spa	3*	333 €



2. Promoción e difusión do programa:
Anuncios en prensa de ámbito provincial: 8 anuncios
Cuñas de radio en emisoras de ámbito provincial: 80 cuñas radio
3. Antigüidade dos autobuses ou medios de locomoción empregados: maior de 3 e inferior a 4
4. Actividades complementarias a maiores das esixidas: 5 actividades.
5. Oferta de tratamentos complementarios gratuítos, a maiores do mínimo esixido : Oferta tres tratamentos gratuítos a maiores.
6. Aumento do número de guías oficiais por quenda e establecemento respecto ao mínimo esixido: Ofertan 2 guías.
7. Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para os/as asistentes ao programa, coas coberturas que se detallan a continuación:
 - Gastos médicos ou quirúrxicos por enfermidade ou accidente.
 - Sen límite en centros concertados da aseguradora, con límite de 1.800 € en centros de libre elección.
 - Gastos odontolóxicos e urxencia: Mínimo 30 €.
 - Transporte sanitario de persoas feridas e enfermas: engadido
 - Desprazamentos de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
 - Aloxamento de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días
 - Servizo 24 horas: engadido
 - Traslado da asegurada falecida: engadido

-Financiación: O orzamento que financia a Deputación Provincial é o seguinte:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/231.2311.227.07	221.700,00€

O programa será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usuarias de acordo coa seguinte distribución:

A Deputación subvencionará 2.097 prazas de réxime xeral con 100 euros o que resulta un total de 209.700,00€

E 30 prazas, de réxime especial, as subvencionará con 400,00 euros, o que resulta un total de 12.000,00€. As persoas usuarias pagarán a cantidade de descontar do importe de adjudicación o importe que subvenciona a Deputación de Pontevedra.

-O prazo de duración do programa: desde o 1 de agosto de 2024 (ou a data de formalización do contrato) ata o 31 de decembro de 2024.



Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e adxudicadas as prazas, a previsión estimada de inicio do programa será do mes de setembro de 2024, e nos meses de temporada baixa. Con posibilidade de unha prórroga de un ano de duración.

-Forma de pagamento: Parcial (mensual)

O pagamento do prezo de contrato realizarase unha vez presentada a factura, necesariamente nos 15 primeiros días do mes seguinte á realización da actividade, salvo autorización expresa do Servizo de Benestar Social, acompañada da seguinte documentación:

Memoria individual de cada saída (cos apartados indicados no punto 7 do PPT) e na que deberán constar os datos e documentación seguinte:

- Orixinais das transferencias bancarias nas que conste o nome das persoas participantes, a cantidade aboada, a data, o establecemento de destino ou xustificante que acredite o pago efectivo segundo o caso.
- Documento de información da estadia cuberto pola persoa responsable do programa da empresa.
- Relación das actividades realizadas dentro do establecemento.
- Informe de incidencias e medidas correctivas adoptadas si as houbera.

Ademais dos documentos anteriores deberán presentar:

- Fotografía do autocar ou autocares empregados.
- As fotografías esixidas
- Ficha técnica dos autocares utilizados na estadia (tamén deberán entregarse previamente por vía telemática antes da saída).
- Documento que acredite a entrega do material as persoas participantes

As facturas serán aboadas unha vez emitido o correspondente informe favorable ou de conformidade do responsable da unidade administrativa que reciba ou supervise o traballo, ou no seu caso, do designado polo órgano de contratación como responsable deste, expedida de acordo a normativa vixente.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024017786	
Órgano xestor:	LA0008004	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

12.34027.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ADAPTACIÓN DO MODELO DE DATOS Á NORMA UNE178503 E IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA SEMÁNTICA E ASISTENTE CONVERSACIONAL, DENTRO DE LIÑA DE AXUDAS PARA TRANSFORMACIÓN DIXITAL DE DESTINOS TURÍSTICOS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION.EU. (EXPTE.2024018839)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 10 de maio de 2024, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.*

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de maio de 2024, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30 de maio de 2024, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitida a empresa RIAM INTELEARNING LAB, S.L. (CIF: B26332791).

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentado pola empresa que resultou admitida, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Turismo Rías Baixas para a súa valoración.



Recibido informe do servizo de Turismo Rías Baixas, de data 14 de xuño de 2024 (CSV: WCIQM34L2UHO52N6), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 14 de xuño de 2024, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, da referida empresa.

Unha vez realizado o exame da oferta presentada, na súa sesión do 20 de xuño de 2024, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa RIAM INTELEARNING LAB, S.L., polos prezos e valores ofertados.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 25 de xuño de 2024, comproba que a empresa RIAM INTELEARNING LAB, S.L. atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. O certificado de inscrición acredita, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar. Asemade, mediante consulta electrónica automatizada, comproba que se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social, e inscrita no imposto de actividades económicas.

Mediante Resolución Presidencial número 2024005407, de 26 de xuño de 2024, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa RIAM INTELEARNING LAB, S.L., que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Visto que a empresa RIAM INTELEARNING LAB, S.L. presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2024045015, de data 05/07/2024), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 8.302,50 euros (carta de pago núm. operación 202400152434, do 04/07/2024).

Visto que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas e subcontratistas. Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).



Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicárase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de Servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU á empresa RIAM INTELEARNING LAB, S.L. (CIF: B26332791) polos prezos e valores ofertados, conforme ao seguinte:

Prezo:

Prezo sen IVE: 166.050,00 €

IVE (21%): 34.870,50 €

Prezo total: 200.920,50 €

Redución de 1 mes no prazo de execución.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/433.4326.640.03 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: TOTAL

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024018839	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Ruth González Reyes, xefa do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, asistida por persoal técnico de Novas Tecnoloxías e de Turismo.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

13.34028.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO DA INFRAESTRUTURA DE ALMACENAMENTO DE CABINAS UNITY DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2022009455)

Na sesión ordinaria do día 15 de xullo de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra á empresa Internacional Periféricos y Memorias España SL (CIF: B62758602), polos prezos e valores ofertados reflexados no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 09 de agosto de 2022, sendo o prazo de duración de 2 anos a contar dende a data de formalización do contrato, e prevéndose a posibilidade dunha prórroga de dous anos de duración.



Con data 24 de maio de 2024, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, coa conformidade da deputada delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o contrato para a prestación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra polo período de dous anos.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 10 de maio de 2024 (data de comparecencia: 10/05/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 14 de xuño do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito (CSV: 7XYVC4I5B43QAPOC) para atender as obrigas que se deriven da prórroga deste contrato. De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 03 de xullo do 2024 (CSV: MC9Y2BNHJ491F65N), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra por dous anos, desde o 09 de agosto do 2024 ata o 08 de agosto do 2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 09 de agosto do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2a),



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a prórroga do contrato para a prestación do “*Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra*” subscrito coa empresa Internacional Periféricos y Memorias España SL (CIF: B62758602), durante o período desde o 09 de agosto do 2024 ata o 08 de agosto do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024 (09/08 ao 31/12)	24/926.9260.227.23	23.070,47 €
2025	25/926.9260.227.23	58.073,95 €
2026 (01/01 ao 08/08)	26/926.9260.227.23	35.003,48 €

O importe do gasto correspondente ás anualidades 2025 e 2026 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

14.34029.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO B E C PARA A MAQUINARIA E OS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE.2023019575)

Na sesión ordinaria do día 30 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato que rexe a subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra ás seguintes empresas polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

- Lote 1 (Gasóleo clase B): Esergui Disteser S.L. (NIF: B-95799664)
 - Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo: 9,01 %
- Lote 2 (Gasóleo clase C): Gasóleos Amigo, S.L. (NIF: B-36736049)
 - Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo: 5,55 %

Os contratos de cada un dos lotes formalizáronse en documentos administrativos de data 28 de xullo do 2023, sendo o prazo de duración dun ano desde o 01 de agosto de 2023, e establecéndose a posibilidade dunha prórroga dun máximo dunha anualidade de duración.

Con data 22 de maio de 2024, a xefa do servizo de Medio Ambiente para o lote 1 e a xefa do servizo de Arquitectura para o lote 2, coa conformidade do respectivo deputado delegado, emiten informes (CSV: 8BKC1V1GSBUZDBOQA e N3WHCPY7WZHVL6OL, respectivamente), nos que se solicita prorrogar os lotes do devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 01 de agosto do 2024 ata o 31 de xullo do 2025.



Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga dos lotes 1 e 2 do contrato en data 13 de maio de 2024 (data de comparecencia: 13/05/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 13 de xuño do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito para atender ás obrigas económicas que resulten das subministracións que se realicen ao abeiro da prórroga dos dous lotes do contrato de “Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra”.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 03 de xullo do 2024 (CSV: G8BY5QY3BESXYIYK), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes das responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra por un ano, desde o 01 de agosto do 2024 ata o 31 de xullo do 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de agosto do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a prórroga do contrato para a “Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra” suscrito para o lote 1 coa empresa Esergui Disteser S.L. (NIF: B95799664) e para o lote 2 coa empresa Gasóleos Amigo, S.L. (NIF: B36736049), durante o período do 01 de agosto do 2024 ata o 31 de xullo do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexén.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

LOTE	ANO	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total subministración ordinarios (con IVE)	Importe total incremento número unidades (con IVE)
1	2024	Medio Ambiente	24/410.4100.221.03	769,56 €	76,96 €
		E.F. Areiro	24/413.4123.221.03	769,56 €	76,96 €
		Finca Mouriscade	24/410.4120.221.03 (vinculación)	6.733,65 €	673,36 €
		Cooperación	24/942.4330.221.03 (vinculación)	224,46 €	22,45 €
		Arquitectura	24/920.9200.221.03 (vinculación)	1.282,60 €	128,26 €
	2025	Medio Ambiente	25/410.4100.221.03	769,56 €	76,96 €
		E.F. Areiro	25/413.4123.221.03	769,56 €	76,96 €
		Finca Mouriscade	25/410.4120.221.03	6.733,65 €	673,36 €
		Cooperación	25/942.4330.221.03	224,46 €	22,45 €
		Arquitectura	25/920.9200.221.03	1.282,60 €	128,26 €
2	2024	E.F. Areiro	24/413.4123.221.03	4.582,88 €	458,29 €
		Pazo Provincial	24/920.9200.221.03 (vinculación)	14.054,14 €	1.405,41 €
		Edificio Administrativo	24/920.9200.221.03 (vinculación)	7.332,60 €	733,26 €
	2025	E.F. Areiro	25/413.4123.221.03	4.582,88 €	458,29 €
		Pazo Provincial	25/920.9200.221.03	14.054,14 €	1.405,41 €
		Edificio Administrativo	25/920.9200.221.03	7.332,60 €	733,26 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2025 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.



15.34030.- AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO NA OBRA “MELLORAS NO ASFALTADO E DO SANEAMENTO NA DROZA E COVELO” SEN VARIAR A TIPOLOXÍA DO INVESTIMENTO SUBVENCIONADO NIN INCREMENTAR A CONTÍA SUBVENCIONADA. CONCELLO DE O PORRIÑO. (EXPTE. 2022010286)

Consta no expediente núm. 2022010286, o informe da xefa de servizo de cooperación, de data 20/06/2024, que literalmente di como segue:

“ANTECEDENTES:

En data 01/07/2022, mediante acordo da xunta de goberno núm. 7.31908, concedeuse ao Concello do Porriño, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 102.073,93 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Melloras do asfaltado e do saneamento en A Droza e Covelo” (expte.2022010286), en base a un orzamento polo mesmo importe. A subvención estaba desagradada en dúas anualidades correspondéndolle 60.223,62 euros na anualidade do exercicio 2022 e 41.850,31 euros no exercicio 2023 e quedou condicionada, entre outras, a autorización sectorial do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, á aprobación do proxecto e á remisión da acta de trazado previo debidamente cumprimentada.

En data 17/06/2024, consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2024040352, dunha instancia xenérica do Concello do Porriño que anexa un novo documento técnico do investimento arriba referido. A documentación achegada foi completada en datas posteriores.

Da documentación que obra no expediente, infírese que o cambio de documento técnico ven motivado na necesidade de axustar o proxecto ao requirimento do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Neste contexto, o novo proxecto descritivo das obras a realizar non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, non altera o trazado da obra nin altera o orzamento, permanecendo o importe da subvención concedida invariable.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)*
- *Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio*
- *Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo*



Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. A solicitude motivada debe presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e non prexudicar dereitos de terceiros.

CONCLUSIÓN

A normativa en materia de subvencións, tanto estatal, autonómica, como a ditada pola propia Deputación, reflicten como característica diferenciadora a afección da axuda pública ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable.

Á vista da definición de subvención que ofrecen a LXS ou a LSG, no caso de tratarse dun proxecto de obra, a descrición que este fai das actuacións contidas nel delimita a finalidade subvencionable.

Para a concesión da subvención co obxecto do financiamento do investimento “Melloras do asfaltado e do saneamento na Droza e Covelo” (Ref. 2022010286) tívoose en conta un proxecto, por importe 102.073,93 euros, que se estimou acaído e suficiente para deducir o seu carácter e a adecuación á convocatoria do PLAN CONCELLOS 2022-2023.



Antes de iniciar a licitación do investimento, xorde a necesidade de axustar o proxecto ao requirimento efectuado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que “ non autoriza a realización de cruces a ceo aberto en autopistas, autovías e vías rápidas nin en estradas convencionais con intensidade media diaria de circulación superior a 3.000 vehículos, debéndose efectuar o cruce mediante mina, túnel ou perforación mecánica subterránea”

Visto que o novo documento técnico non altera a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, non modifica o ámbito de actuación da obra, que segue a ser o mesmo, nin prexudica dereitos de terceiros.

Visto que o cambio de documento técnico non altera o orzamento do investimento nin modifica a subvención concedida que permanece invariable en 102.073,93 euros.

Visto que o persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación emitiu, en data 25/06/2024 informe favorable de supervisión e control do proxecto das actuacións a levar a cabo. Dito informe foi emendado en data 04/07/2024.

Subliñar que o Concello do Porriño dentro dos límites obxectivos, atendendo ás normas de competencia, formalmente e antes de iniciar a execución do investimento, en concreto na data de 16/05/2023, aprobou o proxecto técnico da obra “Melloras do asfaltado e do saneamento na Droza e Covelo” (Ref. 2022010286) cos cambios suxeridos na autorización sectorial, se ben por un erro administrativo o devandito proxecto non tivo entrada no rexistro da Deputación ata o día 17/06/2024 coa a xustificación do investimento.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación da solicitude do Concello do Porriño, CIF:P 3603900F, a fin de que:

- ✓ *Se acepte o cambio de documento técnico no investimento “Mellora do asfaltado e do saneamento na Droza e Covelo” (Ref. 2022010286), aos efectos de que se poida validar a documentación xustificativa da obra de referencia nos termos nos que a actuación foi executada polo Concello.*

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da lei 7/21985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade locais, e nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial a competencia para aprobar a presente modificación correspóndelle á Xunta, por ser o órgano que, no seu momento, autorizou e comprometeu o gasto.

Este informe no ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá”

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado e visto informe da Intervención provincial, de data 04/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Autorizar a substitución do proxecto técnico na obra “Mellora do asfaltado e do saneamento na Droza e Covelo” (2022010286). O cambio de proxecto técnico, motivado na necesidade de axustar o proxecto inicial ao requirimento do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, non varía a tipoloxía do investimento subvencionado nin incrementa a contía subvencionada, a cal permanece invariable en 102.073,93 €.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de O Porriño, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



16.34031.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO. (EXPTE.2021047581)

ANTECEDENTES

En data 26/08/2020 o concello de Pontevedra presentou no Rexistro da Deputación Provincial a correspondente solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO, cun orzamento de execución de 499.998,86€, IVE engadido, a financiar integramente pola Deputación no exercicio 2021 (aplicación orzamentaria 2021/942.9420.762.14).

A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do 10/12/2021, mediante o acordo núm. 5.31060, aprobou dito convenio, procedéndose á súa sinatura entre ambas administracións o 23/12/2021.

O 10/06/2024 o Concello de Pontevedra presentou no Rexistro de Deputación (núm. Rexistro 2024009788), escrito solicitando reunión da Comisión de Seguimento do convenio, conforme o procedemento establecido na cláusula 8ª do convenio, rectificando o mesmo en data 14/06/2024 (núm. Rexistro WEB2024040041), por mor da modificación das necesidades orzamentarias do Concello.

Na data 20/06/2024 a Comisión de Seguimento acorda resolver o devandito convenio, recolléndose na acta de 27/06/2024 (CSV:OSF7MYRSQT1XCGRY) o seguinte:

“(…) Con data 23.12.2021 asinouse o Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra para a realización do proxecto de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de Novembro, cuxo obxecto era o de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a realización da seguinte actuación: execución do proxecto de acondicionamento dunha parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de Novembro, establecendo un parque urbano e realizando unha reorganización espacial.

O orzamento inicial contemplado no convenio para a realización das obras ascendía á cantidade total de catrocentos noventa e nove mil novecentos noventa e oito euros con oitenta e seis céntimos (499.998,86€), IVE engadido, que se correspondía co orzamento de execución da obra obxecto da colaboración pactada, contía financiada integramente pola Deputación de Pontevedra. Para a execución da actuación obxecto do convenio, tramitouse o correspondente expediente para a contratación das obras. Con todo, tal e como se recolle na acta da sesión do día 28.09.2023 da comisión de seguimento do convenio, non foi posible continuar coa tramitación do contrato, debido a que se requiría da necesaria autorización do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (en adiante ADIF), para a utilización do falso túnel da rúa Doce de Novembro, entidade que outorgou o permiso necesario para realizar as obras mediante resolución do 03.12.2023.

En data 27.12.2023, ante a imposibilidade de remate das obras na data establecida no convenio (31.12.2023), como consecuencia do exposto, asinouse unha Addenda para prorrogar a súa vixencia ata o 31.12.2024, manténdose invariables as restantes cláusulas do mesmo.



A representación do concello de Pontevedra expón que, debido ao tempo transcorrido dende a redacción do inicial proxecto de obras, tivo que redactarse polo arquitecto municipal, don Ángel Francisco Velando Rodríguez, un novo proxecto de obras, no que se leva a cabo a modificación e adaptación do redactado por dona María Rosa Lorenzo González-Viso para o mesmo emprazamento, coa finalidade de acomodar as actuacións ás novas necesidades de uso e orzamentarias xurdidas con posterioridade á redacción do anterior proxecto.

Así mesmo, o orzamento previsto no proxecto redactado polo técnico municipal ascende á cantidade total de setecentos dez mil novecentos setenta e dous euros con dous céntimos (710.972,02 €), IVE engadido.

Na actualidade, iniciado o expediente de contratación e informado favorablemente polos servizos xurídicos do Concello, este atópase pendente de obter os recursos necesarios para o financiamento das obras, xa que as adaptacións orzamentarias realizadas no proxecto dan lugar a unha diferenza de douscentos dez mil novecentos setenta e tres euros con dezaseis céntimos (210.973,16 €) con respecto ao proxecto redactado en outubro de 2020.

Polo exposto, a Comisión de Seguimento propón ante a imposibilidade de celebración dunha nova addenda, por tratarse de crédito que provén de remanentes, resolver o presente convenio, liberándose a cantidade subvencionada, isto é, 499.998,86€, da partida 2024/942.9420.762.14.2021, polo Pleno da Deputación de Pontevedra, mediante a tramitación dun expediente de modificación de crédito, e celebrar un novo convenio por importe de 710.972,02 €, incrementándose así a cantidade a financiar en 210.973,16€ respecto do convenio anterior, debido á subida de prezos dos materiais, e que se realizará con cargo á aplicación orzamentaria existente para convenios cos concellos de Vigo-Pontevedra na anualidade 2024, aplicación 2024/942.9420.762.14.”.

A xefa do Servizo de Cooperación emitiu un informe-proposta favorable o 01/07/2024 (CSV: AB8XMFB1EGKV2B3N) e a Intervención provincial emitiu o 05/07/2024 a dilixencia de conformidade respecto do dito informe-proposta (CSV: 7TWECWN2J7EFE251).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio vixente



- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016 (OXS)
- Convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo o proxecto de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de novembro

Consideracións xurídicas

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia de resolución do convenio

- Artigos 51 e 52 da LRXSP, relativo á extinción dos convenios e aos efectos da resolución dos convenios.
- Cláusula 10ª do convenio, que recolle entre as causas de resolución dos convenios o acordo unánime dos asinantes

Competencia para resolver

- Artigo 8.2 da OXS, que en virtude do establecido na base 16.2 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade co disposto nos artigos 35 da LRBRL e 10 da LXS, atribúe a competencia para resolver á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Na data 20/06/2024, a Comisión de Seguimento e Control do Convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo o proxecto de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de Novembro, acordou unanimemente resolver o devandito convenio asinado o 23/12/2021, de conformidade co establecido no artigo 51 da LRXSP e a cláusula 10ª do convenio.

Segundo o artigo 52 da LRXSP a resolución dos convenios dará lugar á liquidación dos mesmos. Neste caso as obras do investimento non comezaron e non se realizou ningún pagamento ao Concello de Pontevedra por parte da Deputación.



Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a resolución do dito convenio de colaboración entre ambas administracións.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Resolver e dar por extinguido o *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO*.
- Deixar en dispoñible crédito por importe de 499.998,86€.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.34032.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024). (EXPTE. 2023072350)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024)*”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Nos termos referidos na base quinta, o financiamento do Programa +AQUA_2024 da provincia de Pontevedra desta convocatoria ascende a un millón (1.000.000,00€) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2024, imputable ás aplicacións orzamentarias 2024/942.4590.489.07, para gastos correntes, e 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.

Terceiro.- Trátase dun programa que a Deputación implanta por primeira vez e no que se constata o extraordinario grao de interese que suscitou, con máis de duascenas cincuenta solicitudes presentadas, sobrepassando con creces as expectativas iniciais, o que supón a necesidade de incrementar o financiamento para contribuír de maneira eficaz e eficiente á consecución dos obxectivos e finalidades do programa.



Cuarto.- Por elo, unha vez analizada a necesidade deste investimento en correlación á dispoñibilidade orzamentaria, o Pleno da Deputación de Pontevedra, mediante o acordo número 5.8199 do na súa sesión ordinaria do día 31 de maio de 2024, aprobou suplementar o crédito dos programas de acción comunitaria da Deputación de Pontevedra, correspondendo asignarlle a este plan metade do importe total, é dicir un suplemento de SEISCENTOS MIL EUROS (600.000,00€) con cargo a remanentes, imputables contra a aplicación orzamentaria 24/942.4590.789.07, e condicionado á súa publicación e entrada en vigor.

Quinto.- En consecuencia, considerando que o número de solicitudes presentadas foi moi elevado en relación ao financiamento inicialmente previsto, e con fundamento na necesidade de garantir o mellor cumprimento dos obxectivos e finalidades do plan, propónse unha modificación parcial das bases e convocatoria do Programa +AQUA_2024, para incrementar o seu financiamento, ata UN MILLÓN SEISCENTOS MIL (1.600.000,00€) EUROS.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1º.- As medidas adoptadas no marco do Programa +AQUA_2024 da provincia de Pontevedra para o ano 2024 preténdese que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e estimular a cohesión territorial, a sustentabilidade ambiental e a habitabilidade humana, desde un enfoque centrado, por primeira vez, nos obxectivos do reto demográfico.

2º.- Segundo o disposto no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. Neste senso, á Deputación correspóndelle, na medida das súas posibilidades, remover os obstáculos que supoñen as limitacións orzamentarias poden o respecto e cumprimento dos principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais.

3º.- O artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións establece que con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta lei. Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, co requisito da existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

4º.- O crédito previsto inicialmente para financiar o Programa +AQUA_2024 da provincia de Pontevedra para o ano 2024 prevese insuficiente para atender a totalidade das solicitudes recibidas que cumpren as condicións de subvencionabilidade impostas, considerándose necesario e conveniente acudir á suplementación de crédito para permitir que as especiais demandas de investimentos que propoñen as comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra ao abeiro deste programa se poidan realizar adecuadamente e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes.



5º.- O artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o/a presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de suplemento de crédito.

6º.- A capacidade financeira da Deputación, tras o esforzo realizado nos últimos anos para conter o gasto e reducir a débeda, permite suplementar o crédito necesario para atender as necesidades expostas.

7º.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, mediante o acordo número 5.8199 do na súa sesión ordinaria do día 31 de maio de 2024, aprobou suplementar o crédito dos programas de acción comunitaria da Deputación de Pontevedra, asignándose a este plan a metade do importe total, é dicir un suplemento de SEISCENTOS MIL EUROS (600.000,00€) con cargo a remanentes, imputables contra a aplicación orzamentaria 24/942.4590.789.07, e condicionado á súa publicación e entrada en vigor.

Por tanto, para activar a dispoñibilidade deste crédito, procede propoñer unha modificación parcial das bases reguladoras do Programa +AQUA_2024 da provincia de Pontevedra para o ano 2024 co fin de suplementar o crédito inicial ata un total de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000,00€), imputables contra a aplicación orzamentaria 24/942.4590.789.07, con cargo a remanentes e condicionado á publicación e entrada en vigor do dito suplemento de crédito.

8º.- A modificación proposta non constitúe unha dispensa nin unha exención non permitida polas leis, senón que vai encamiñada a ampliar o financiamento destinado ó Programa +AQUA_2024 da provincia de Pontevedra para o ano 2024, sen merma nin prexuízo dos dereitos de terceiros e sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes. Co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais e cubrir as necesidades das comunidades de usuarios de augas no marco da política económica e social, poñendo o acento na necesaria vertebración do territorio e a xeración de sinerxías positivas principalmente nos ámbitos rurais e implicando directamente á propia veciñanza na construción do seu propio modelo de vida con parámetros de calidade, sostibilidade e equidade na prestación de servizos.

9º.- Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto ao exercicio da súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A modificación supón unha medida eficaz e proporcional para afrontar con maior eficacia o cumprimento dos retos do Programa, é posible a súa integración de forma coherente no marco das bases inicialmente aprobadas, cumpre coa transparencia debida ao ter que publicarse a súa aprobación no boletín provincial e dota de eficiencia a un plan deseñado en circunstancias diferentes, en base ás razoables limitacións orzamentarias de cada momento.



Ademais, esta modificación non supón a vulneración dos principios da concorrència competitiva, non se alteran os prazos do programa debido a que non se abre un novo período de presentación de solicitudes e polo tanto non supón prexuízos a terceiros, estimándose que con esta medida se contribuirá a optimizar o logro dos obxectivos e finalidades do plan.

10º.- Para a modificación das bases, de conformidade co disposto en relación ao réxime xurídico deste plan na base segunda do Programa +AQUA_2024, en virtude do disposto na base terceira será a Xunta de Goberno da Deputación o órgano competente para a súa aprobación, seguindo o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, debendo realizarse unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.

CONCLUSIÓN:

Polo exposto, propónse modificar as “*Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024)*”, para suplementar o crédito destinado ao seu financiamento ata un total de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000,00€), en base ao acordo número 5.8199 do Pleno da Corporación Provincial, adoptado na súa sesión ordinaria do día 31 de maio de 2024, no que se aprobou suplementar o crédito dos programas de acción comunitaria da Deputación de Pontevedra, asignándose a este plan un suplemento de SEISCENTOS MIL EUROS (600.000,00€), imputables contra a aplicación orzamentaria 24/942.4590.789.07, mediante a aprobación da pertinente modificación de crédito con cargo a remanentes e condicionado á súa publicación e entrada en vigor.

En consecuencia, propónse modificar a base quinta de maneira que onde dí:

“A contía desta convocatoria de axudas ascende a un millón (1.000.000,00 €) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2024, imputable ás aplicacións orzamentarias 2024/942.4590.489.07, para gastos correntes, e 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.”

Quedaré redactada co seguinte teor literal:

“A contía desta convocatoria de axudas ascende a un millón seiscientos mil (1.600.000,00€) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2024, imputable ás aplicacións orzamentarias 2024/942.4590.489.07, para gastos correntes, e 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.”

O resto do texto das bases e convocatoria permanecerá igual.



Vista toda a documentación que obra no expediente; vistos os informes da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: Y53XRGX9UJPTYA6P), e da Intervención Provincial (CSV: FUA3S2CC0E1NHM91) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a modificación das bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da Provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024) – Expediente: 2023072350 da maneira que segue:

- *“A contía desta convocatoria de axudas ascende a un millón seiscientos mil (1.600.000,00€) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2024, imputable ás aplicacións orzamentarias 2024/942.4590.489.07, para gastos correntes, e 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.”*

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

18.34033.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024). (EXPTE.2023072346)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do Programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA_2024)”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Nos termos previstos na base quinta, o financiamento do PLAN PROVINCIA COMUNITARIA_2024 desta convocatoria ascende a un millón (1.000.000,00€) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2024, imputable contra a aplicación orzamentaria 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.

Terceiro.- Trátase dun programa que a Deputación implanta por primeira vez e no que se constata o extraordinario grao de interese que suscitou, con máis de duascenas solicitudes presentadas, sobrepasando con creces as expectativas iniciais, o que supón a necesidade de incrementar o financiamento para contribuír de maneira eficaz e eficiente á consecución dos obxectivos e finalidades do programa.



Cuarto.- Por elo, unha vez analizada a necesidade deste investimento en correlación á dispoñibilidade orzamentaria, o Pleno da Deputación de Pontevedra, mediante o acordo número 5.8199 do na súa sesión ordinaria do día 31 de maio de 2024, aprobou complementar o crédito dos programas de acción comunitaria da Deputación de Pontevedra, correspondendo asignarlle a este plan metade do importe total, é dicir un suplemento de SEISCENTOS MIL EUROS (600.000,00€) con cargo a remanentes, imputables contra a aplicación orzamentaria 24/942.4590.789.07, e condicionado á súa publicación e entrada en vigor.

Quinto.- En consecuencia, considerando que o número de solicitudes presentadas foi moi elevado en relación ao financiamento inicialmente previsto, e con fundamento na necesidade de garantir o mellor cumprimento dos obxectivos e finalidades do plan, propónse unha modificación parcial das bases e convocatoria do PLAN PROVINCIA COMUNITARIA_2024, para incrementar o seu financiamento, ata UN MILLÓN SEISCENTOS MIL (1.600.000,00€) EUROS.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1º.- As medidas adoptadas no marco do PLAN PROVINCIA COMUNITARIA_2024 preténdese que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e estimular a cohesión territorial, a sustentabilidade ambiental e a habitabilidade humana, desde un enfoque centrado, por primeira vez, nos obxectivos do reto demográfico.

2º.- Segundo o disposto no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. Neste senso, á Deputación correspóndelle, na medida das súas posibilidades, remover os obstáculos que supoñen as limitacións orzamentarias poden o respecto e cumprimento dos principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais.

3º.- O artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións establece que con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta lei. Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, co requisito da existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

4º.- O crédito previsto inicialmente para financiar o PLAN PROVINCIA COMUNITARIA_2024 prevese insuficiente para atender a totalidade das solicitudes recibidas que cumpren as condicións de subvencionabilidade impostas, considerándose necesario e conveniente acudir á suplementación de crédito para permitir que as especiais demandas de investimentos que propoñen asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra ao abeiro deste programa se poidan realizar adecuadamente e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes.



5º.- O artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o/a presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de suplemento de crédito.

6º.- A capacidade financeira da Deputación, tras o esforzo realizado nos últimos anos para conter o gasto e reducir a débeda, permite suplementar o crédito necesario para atender as necesidades expostas.

7º.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, mediante o acordo número 5.8199 do na súa sesión ordinaria do día 31 de maio de 2024, aprobou suplementar o crédito dos programas de acción comunitaria da Deputación de Pontevedra, asignándose a este plan a metade do importe total, é dicir un suplemento de SEISCENTOS MIL EUROS (600.000,00€) con cargo a remanentes, imputables contra a aplicación orzamentaria 24/942.4590.789.07, e condicionado á súa publicación e entrada en vigor.

Por tanto, para activar a dispoñibilidade deste crédito, procede propoñer unha modificación parcial das bases reguladoras do PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024 co fin de suplementar o crédito inicial ata un total de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000,00€), imputables contra a aplicación orzamentaria 24/942.4590.789.07, con cargo a remanentes e condicionado á publicación e entrada en vigor do dito suplemento de crédito.

8º.- A modificación proposta non constitúe unha dispensa nin unha exención non permitida polas leis, senón que vai encamiñada a ampliar o financiamento destinado ó PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024, sen merma nin prexuízo dos dereitos de terceiros e sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes. Co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais e cubrir as necesidades das entidades veciñais e comunitarias no marco da política económica e social, poñendo o acento na necesaria vertebración do territorio e a xeración de sinerxías positivas principalmente nos ámbitos rurais e implicando directamente á propia veciñanza na construción do seu propio modelo de vida con parámetros de calidade, sostibilidade e equidade na prestación de servizos.

9º.- Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto ao exercicio da súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A modificación supón unha medida eficaz e proporcional para afrontar con maior eficacia o cumprimento dos retos do Programa, é posible a súa integración de forma coherente no marco das bases inicialmente aprobadas, cumpre coa transparencia debida ao ter que publicarse a súa aprobación no boletín provincial e dota de eficiencia a un plan deseñado en circunstancias diferentes, en base ás razoables limitacións orzamentarias de cada momento.

Ademais, esta modificación non supón a vulneración dos principios da concorrència competitiva, non se alteran os prazos do programa debido a que non se abre un novo período de presentación de solicitudes e polo tanto non supón prexuízos a terceiros, estimándose que con esta medida se contribuirá a optimizar o logro dos obxectivos e finalidades do plan.



10º.- Para a modificación das bases, de conformidade co disposto en relación ao réxime xurídico deste plan na base segunda do PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024, en virtude do disposto na base terceira será a Xunta de Goberno da Deputación o órgano competente para a súa aprobación, seguindo o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, debendo realizarse unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.

CONCLUSIÓN:

Polo exposto, propónse modificar as “*Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024)*”, para complementar o crédito destinado ao seu financiamento ata un total de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000,00€), en base ao acordo número 5.8199 do Pleno da Corporación Provincial, adoptado na súa sesión ordinaria do día 31 de maio de 2024, no que se aprobou complementar o crédito dos programas de acción comunitaria da Deputación de Pontevedra, asignándose a este plan un suplemento de SEISCENTOS MIL EUROS (600.000,00€), imputables contra a aplicación orzamentaria 24/942.4590.789.07, mediante a aprobación da pertinente modificación de crédito con cargo a remanentes e condicionado á súa publicación e entrada en vigor.

En consecuencia, propónse modificar a base quinta de maneira que onde dí:

“A contía desta convocatoria de axudas ascende a un millón (1.000.000,00 €) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2024, imputable contra a aplicación orzamentaria 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.”

Quedarán redactada co seguinte teor literal:

“A contía desta convocatoria de axudas ascende a un millón seiscientos mil (1.600.000,00€) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2024, imputable contra a aplicación orzamentaria 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.”

O resto do texto das bases e convocatoria permanecerá igual.

Vista toda a documentación que obra no expediente; vistos os informes da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: YNB16JKFOTZZMD8Y), e da Intervención Provincial (CSV: 7VOLVR6GZIMRZHJL) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a modificación das bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de Acción Comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 da Provincia de Pontevedra para o ano 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA_2024) – Expediente: 2023072346 da maneira que segue:

- *“A contía desta convocatoria de axudas ascende a un millón seiscientos mil (1.600.000,00€) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2024, imputable contra a aplicación orzamentaria 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.”*

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.



19.34034.- MODIFICACIÓN DO ENCARGO REALIZADO Á EMPRESA TRAGSATEC S.A. S.M.E. M.P., COMO MEDIO PROPIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, RELATIVO Á XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E DO CENTRO DE ACOLLIDA E PROTECCIÓN DE ANIMAIS DE ARMENTEIRA (CAAN). (EXPTE. 2023074506)

Visto o informe-proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 1 de xullo de 2024 (CSV):1IQQ1IW71EMIITK4, co seguinte teor literal:

“O técnico que subscribe, no exercicio das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emite o seguinte

**INFORME-PROPOSTA
ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMENTO TÉCNICO**

Primeiro. A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 22 de decembro de 2023, acordou encargar á empresa TRAGSATEC S.A. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, a xestión do servizo de recollida de animais abandonados na provincia de Pontevedra e do centro de acollida de protección de animais de Armenteria (CAAN), con efectos 1 de xaneiro de 2024 e ata o 31 de decembro de 2025, por un importe de 712.504,81 €/ano (acordo nº 26.33314).

Segundo. Ademais das prestacións habituais que se reflicten no encargo respecto da recollida e coidado dos cans abandonados, este ano se establecía como novidade a realización da esterilizacións de gatos procedentes das colonias felinas dos concellos da provincia de Pontevedra adheridos ao CAAN; desta forma se daba cumprimento ao disposto no artigo 39.3 da Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e do benestar dos animais, que establece a obriga das Deputacións de prestar apoio aos Concellos nesta materia, en relación co sinalado nos artigos 31.2.a) e 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que preceptúan como competencias provinciais as de asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade da provincia dos servizos de competencia municipal e a asistencia e cooperación económica, xurídica e técnica ao Concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

Terceiro. Non obstante o anterior, unha vez iniciada a prestación do servizo detectáronse certas carencias que obrigan a modificar o encargo, xa que logo as novas competencias municipais que recolle a Lei 7/2023 respecto da xestión dos gatos comunitarios se estenden á alimentación, a identificación e rexistro, a esterilización e a execución de programas sanitarios que inclúen a desparasitación e vacinación dos animais, obrigas cuxo cumprimento requiren da colaboración da Deputación, ao igual que acontece coa carencia de medios para o traslado dos animais ao CAAN para proceder a súa esterilización.

Así mesmo, dende o Servizo de Asistencia Intermunicipal estase a percibir un notable incremento do número de Concellos que están a solicitar a colaboración provincial neste eido, servindo como exemplo que so no mes de xuño se realizaron máis de 60 esterilizacións.

Todas estas circunstancias aconsellan modificar o encargo formalizado con TRAGSTATEC, que a maiores das xa contempladas inicialmente incluíría as seguintes actuacións:

a) O mapeo e censo dos gatos do termo municipal, coa colaboración do concello, para unha planificación e control nas esterilizacións acorde ao volume de poboación que se desexa controlar para que resulte eficiente e impida o aumento do número de gatos.



b) Execución do programa de capturas, esterilización e devolución dos animais pertencentes á colonia felina, aumentando en 400 o número de gatos obxecto de actuación (que unidos aos 200 previstos inicialmente, farían un total de 600 gatos no que resta do ano).

c) Programa sanitario da colonia, suscrito e supervisado por un profesional veterinario colexiado, realizando a desparasitación, comprobación sanitaria, vacinación e identificación de cadaquén dos animais capturados.

A prestación deste servizo sería realizada cos seguintes medios humanos:

Dos auxiliares de clínica, encargados da captura e traslado do animais obxecto de actuación.

Unha/un licenciado en veterinaria que se encargaría da revisión dos animais recollidos, a identificación e rexistro, supervisión da execución do programa sanitario e da esterilización dos animais.

Unha/un auxiliar de clínica que se encargaría de prestar apoio á/o veterinaria/o, así como da execución do programa sanitario.

Ao anterior, se unirían os medios materiais precisos tales como vehículos, gaiolas trampa, anestésicos etc...

Cuarto. Co obxecto de establecer un servizo equitativo para todos os concellos adheridos ao servizo, propónse establecer os seguintes criterios:

- Prestación do servizo restrinxida aos concellos adheridos ao CAAN (cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes), e de acordo ao establecido no procedemento relativo á “esterilización de gatos comunitarios recollidos en colonias felinas legalmente establecidas”, publicado na sede electrónica provincial.

- Establecer unha limitación de animais obxecto de esterilización baseada en criterios de poboación, ao considerarse que o número de individuos presentes nas colonias está directamente relacionado coa poboación humana circundante. Neste sentido, propónse establecer o límite anual de 1 animal cada 200 habitantes nos seguintes tramos, ata acumular o máximo de animais recollidos no orzamento total e sen prexuízo da posibilidade de flexibilizar eses parámetros se hai concellos que non fan uso do servizo e/ou esgotan a súa cota:

Tramos por poboación	Número máximo de animais a esterilizar por ano
Menos de 5.000 habitantes	25
Entre 5.001 e 10.000 habitantes	50
Entre 10.001 e 20.000 habitantes	100
Entre 20.001 e 40.000 habitantes	200

Quinto. As actuacións contempladas nesta modificación se prestarían inicialmente entre o 1 de agosto e o 31 de decembro de 2024, ascendendo o seu orzamento a 134.946,81 euros segundo a proposta económica adxunta, na que se aplican as tarifas oficiais do GRUPO TRAGSA vixentes na actualidade (Resolución de 15 de abril de 2024, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo da Comisión para a determinación de tarifas de TRAGSA, polo que se aproban as tarifas 2024 aplicables ás actuacións a realizar por TRAGSA e TRAGSATEC para aquelas entidades respecto das cales teña a consideración de medio propio personificado e servizo técnico nos termos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e revísanse os coeficientes para a actualización dos prezos simples en actuacións non suxeitas a impostos).

Deste xeito, o encargo a TRAGSATEC para xestión do CAAN neste ano 2024 ascendería á cantidade global de 847.451,62 euros, que se afrontarán con cargo á aplicación 24/923.1705.227.07 e as súas vinculacións xurídicas do vixente orzamento provincial.



Sexto. De acordo co sinalado na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, Tragsa e a súa filial Tragsatec estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que se lle encomenden de entre as materias relacionadas nos apartados 4 e 5 (entre outras, recollida e transporte de animais, actividade agrícola, gandeira e animal, administración e xestión de fincas, centros agrarios, medioambientais, de conservación da natureza, sanidade animal etc.); as súas relacións coa Deputación, da que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, teñen natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da Lei, polo que, a todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

A comunicación efectuada pola Deputación de Pontevedra encargando unha actuación a algunha das sociedades do grupo suporta a orde para iniciala, sen prexuízo da observancia do disposto no artigo 32.6.b), debendo unicamente formalizarse en documento que será publicado no perfil do contratante da Deputación ao superar o encargo o importe de 50.000,00 euros (artigo 63.6 da Lei 9/2017).

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, infórmase favorablemente a modificación do encargo realizado á empresa TRAGSATEC S.A. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, relativo á xestión do servizo de recollida de animais abandonados na provincia de Pontevedra e do centro de acollida e protección de animais de Armenteira (CAAN), nos termos expostos”.

Vista a nota de conformidade emitida polo Secretario en relación ao citado informe proposta, de acordo co disposto no artigo 3.4 do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto o informe da Intervención Xeral, de data 5 de xullo de 2024, favorable á tramitación do presente expediente, no que se reflicte que na aplicación orzamentaria 24/923.1705.227.07 existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao importe total do encargo neste ano 2024, por importe de 847.451,62 euros, dos cales 134.946,81 euros corresponden á modificación obxecto da presente proposta (RC nº operación 202400151880)

A vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Modificar o encargo realizado á empresa TRAGSATEC S.A. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, relativo á xestión do servizo de recollida de animais abandonados na provincia de Pontevedra e do centro de acollida e protección de animais de Armenteira (CAAN), de conformidade co informe anteriormente transcrito e a proposta económica que figura no expediente.

Segundo. Comunicar a modificación do encargo á empresa TRAGSATEC S.A.S.M.E.M.P, aos efectos previstos na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Terceiro. Publicar o presente acordo no perfil do contratante da Deputación Provincial de Pontevedra ao superar o encargo o importe de 50.000,00 euros (artigo 63.6 da Lei 9/2017, 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación co preceptuado no artigo 32.6.b) do citado texto normativo.



20.34035.- REPARTO DE AXUDAS Á CONFRARÍAS DE PESCADORES, FEDERACIÓNS DE CONFRARÍAS E AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES DURANTE O EXERCICIO 2024. (EXPTES. 2024023898 E 2024002959)

Retírase da orde do día expediente relativo á “*Reparto de axudas á confrarías de pescadores, federacións de confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra para investimentos e gastos correntes durante o exercicio 2024. (Exptes. 2024023898 e 2024002959)*”

21.34036.- ACEPTACIÓN DO CAMBIO DE TEMÁTICA DE DOUS OBRADOIROS ADXUDICADOS NO PROGRAMA “PROVINCIA ACTIVA” PARA O ANO 2024. (EXPTE. 2023045215)

ANTECEDENTES:

1º.- No capítulo III da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, desenvólvense os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade”.

2º.- Desde o punto de vista competencial, este programa está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

3º.- Por outra banda, na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias destinadas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social, mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos de proporcionar oportunidades e recursos que aseguren a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como o marco de referencia no que se desenvolven as persoas. No artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

4º.- Neste contexto, a Deputación de Pontevedra co programa “*PROVINCIA ACTIVA*” asume os principios recollidos na devandita norma e fomenta a participación das persoas maiores en actividades que promoven a creación de espazos de encontro e intercambio de experiencias, que permiten impulsar a súa independencia e, deste xeito, evitar o illamento e a situación de soidade non desexadas.

Por Acordo da Xunta de Goberno número 2.33170, do 17 de novembro de 2023 aprobáronse as Bases reguladoras do programa “*PROVINCIA ACTIVA*” para o ano 2024, que foron publicadas no Boletín



Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 14, do 19 de xaneiro de 2024

Por Acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de abril de 2024, número 25.33717, aprobouse a relación definitiva das entidades presentadas, das entidades excluídas, das entidades admitidas con obradoiro adxudicado e das entidades admitidas en lista de agarda do Programa “*PROVINCIA ACTIVA 2024*”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras do programa, e que supoñen un total de 130, así como a relación de entidades en lista de agarda un total de 120.

O anuncio de adxudicación publicouse no BOPPO número 84 e na páxina web o martes, 30 de abril de 2024. Os Anexos de obradoiros adxudicados e de entidades en lista de agarda figuran asinados no expediente cos seguintes CSV: 352O20Y2E0P2ZUSE e 3U2P8TLMJUR3K2K3, respectivamente

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 31 de maio de 2024, acordou aceptar a solicitude de renuncia dun obradoiro presentada por unha entidade adxudicataria e aceptar as solicitudes de modificación dos obradoiros de tres entidades adxudicatarias. Este acordo conlevou a actualización da listaxe das 130 entidades adxudicatarias (CSV:L37RZY39QY2T8W83) e actualizar a lista de agarda (CSV:L5EZLBWDJ5CJA6H7).

5º.- Segundo se establece na base cuarta da convocatoria de non acadar o mínimo de quince (15) persoas participantes, antes de anular a actividade formativa, a entidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Benestar Social co fin de cambiar entre outros a temática elixida. En consecuencia, dúas entidades adxudicatarias do programa (nº 57 e nº 89 do anexo II, respectivamente, listado adxudicación CSV: L37RZY39QY2T8W83) presentaron solicitude de cambio de obradoiro.

A ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS CORA, con CIF G94133675 (Expte. 2024004623) con data 24 de xuño e nº de rexistro WEB2024041858, presenta a través de instancia xenérica solicitude de modificación da temática aprobada: “*Cambio de curso de baile de salón a curso de restauración de mobles*”.

Tamén, a ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL DEPORTIVA DE VECIÑOS E AMIGOS DE SANTIAGO DE CAROI, con CIF G36354199 (Expte. 2024005121) con data 27 de xuño e nº de rexistro WEB2024004788, presenta tamén solicitude de modificación da temática aprobada: “*teñan a ben, modificar a nosa solicitude, e concedernos o curso “Canta pandeireta”*”.

- **NORMATIVA APLICABLE:**
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
 - Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Leireguladora das facendas locais
 - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común
 - Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
 - Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2024
 - Bases do programa Provincia Activa 2024.



PROPOSTA DE ACORDO

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptación do cambio de temática dos obradoiros solicitados polas seguintes entidades:

Expte.	Entidade	Obradoiro inicial	Obradoiro solicitado final
2024004623	ASOCIACION MULLERES RURAIS CORA	Baile de salón	Restauración de mobles
2024005121	ASOC SOCIO CULTURAL DEPORTIVA DE VECIÑOS E AMIGOS DE SANTIAGO DE CAROI	Pilates	Pandeireta e Canto Popular

- Actualización do listado dos obradoiros das 130 entidades adxudicatarias (CSV: 48NV225P24IA4VCS)

22.34037.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SEGUROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA, PARA OS EJERCICIOS 2018 A 2020 (LOTES 2 E 4)”. (EXPTTE.2017018315)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 01 de decembro do ano 2017 (Núm. Rex.- 2017022147, de data 04/12/2017), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar a contratación dos “Seguros da Deputación de Pontevedra e da Fundación Escola Universitaria de Enfermaría, para os exercicios 2018 a 2020 -Lotes 1 ao 6-”. (Expte. 2017018315)

Para responder da correcta execución dos “Lotes 2 e 4”, a entidade BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-48001648), constituíu na Tesourería desta Deputación, as garantías definitivas equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación de ditos contratos, que foron as seguintes:

Empresa	Lotes	Importe	Carta de Pago	Data
BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEG. (A-48001648)	2	12.750,00€	201700195521	24/11/2017
	4	6.085,50€	201700195522	24/11/2017



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.-PJ597UA6J1CQ4TI9), no cal sinala que as empresas adxudicatarias cumpriron satisfactoriamente as condicións dos diferentes lotes que compuxeron o contrato de “Seguros da Deputación de Pontevedra e da Fundación Escola Universitaria de Enfermaría (Exercicios 2018-2020)” (...) e en consecuencia (...), se informa que non existe inconveniente algún para proceder a devolución das garantías definitivas depositadas. Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación dos lotes 2 e 4 que compuxeron o contrato de “*Seguros da Deputación de Pontevedra e da Fundación Escola Universitaria de Enfermaría, para os exercicios 2018 a 2020*”.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade *BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS* (A-48001648), por resultar adxudicataria de ditos lotes, que son os seguintes:

o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ATRADIUS CRÉDITO Y CAUCIÓN*, por importe de doce mil setecentos cincuenta euros (12.750,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/11/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700195521.

o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ATRADIUS CRÉDITO Y CAUCIÓN*, por importe de seis mil oitenta e cinco euros con cincuenta céntimos (6.085,50€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/11/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700195522.



23.34038.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA XL INSURANCE COMPANY SE, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SEGUROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA, PARA OS EXERCICIOS 2018 A 2020 (LOTE 3)”. (EXPTE. 2017018315)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 01 de decembro de 2017 (Núm. Rex.- 2017022147, de data 04/12/2017), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar a contratación dos “Seguros da Deputación de Pontevedra e da Fundación Escola Universitaria de Enfermaría, para os exercicios 2018 a 2020 -Lotes 1 ao 6-”. (Núm. Exp. 2017018315).

Para responder da realización do “Lote 3” deste contrato a entidade XL INSURANCE COMPANY SE, constituíu na Tesourería desta Deputación unha fianza polo importe equivalentes ao 5% do prezos de adxudicación de dito lote (IVE excluído), que é a seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
XL INSURACE COMPANY SE (W-065403-H)	9.750,00€	201700197914	30/11/2017

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- PJ597UA6J1CQ4TI9), no cal sinala que as empresas adxudicatarias cumpriron satisfactoriamente as condicións dos diferentes lotes que compuxeron o contrato de “Seguros da Deputación de Pontevedra e da Fundación Escola Universitaria de Enfermaría (Exercicios 2018-2020)” (...) e en consecuencia (...), se informa que non existe inconveniente algún para proceder a devolución das garantías definitivas depositadas. Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade XL INSURANCE SE, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do lote 3 do contrato correspondente á “Seguros da Deputación de Pontevedra e da Fundación Escola Universitaria de Enfermaría, para os exercicios 2018 a 2020” (Exppte. Núm. 2017018315), sen que existan obrigas pendentes.



- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída por *XL INSURANCE COMPANY SE (W-065403-H)*, mediante aval emitido pola entidade *CGICE*, por importe de 9.750€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 30/11/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700197914.

24.34039.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SEGUROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA, PARA OS EXERCICIOS 2018 A 2020 (LOTES 5 E 6)”. (EXPTE.2017018315)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 01 de decembro do ano 2017 (Núm. Rex.- 2017022147, de data 04/12/2017), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar a contratación dos “Seguros da Deputación de Pontevedra e da Fundación Escola Universitaria de Enfermaría, para os exercicios 2018 a 2020 -Lotes 1 ao 6-”. (Expte. 2017018315)

Para responder da correcta execución dos “Lotes 5 e 6”, a entidade SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS (V-48083521), constituíu na Tesourería desta Deputación, as garantías definitivas equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación de ditos contratos, que foron as seguintes

Empresa	Lotes	Importe	Carta de Pago	Data
SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEG. (A-48001648)	5	3.096,00€	201700197354	29/11/2017
	6	765,00€	201700197817	30/11/2017

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.-PJ597UA6J1CQ4TI9), no cal sinala que as empresas adxudicatarias cumpriron satisfactoriamente as condicións dos diferentes lotes que compuxeron o contrato de “Seguros da Deputación de Pontevedra e da Fundación Escola Universitaria de Enfermaría (Exercicios 2018-2020)” (...) e en consecuencia (...), se informa que non existe inconveniente algún para proceder a devolución das garantías definitivas depositadas. Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación dos lotes 5 e 6 que compuxeron o contrato de “Seguros da Deputación de Pontevedra e da Fundación Escola Universitaria de Enfermaría, para os exercicios 2018 a 2020”.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS (V-48083521), por resultar adxudicataria de ditos lotes, que son os seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de KUTXABANK, por importe de tres mil noventa e seis euros (3.096,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 29/11/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700197354.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de KUTXABANK, por importe de setecentos sesenta e cinco euros (765,00€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 30/11/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700197817.

25.34040.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2024047133, que contén 11 facturas e por un importe de 16.351,92€ e con CSV: 1PH6K5NBMXE8L8VF, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 03/07/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	16.351,92€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	16.351,92€



26.34041.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTADÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2024. (EXPTE.2024024225)

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados e a formalización de todos os contratos.

Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: “*Contratos menores adxudicados no segundo trimestre de 2024*” e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o segundo trimestre do ano 2024*” que se achegan no expediente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Queda enterada do contido dos informes “*Contratos menores adxudicados no segundo trimestre de 2024*” (CSV: IMS6ZIKN3N76SWKG) e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o segundo trimestre do ano 2024*” (CSV: 1WR12LDDP19IB93O), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordena a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.

27.34042.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL NÚM. 2024005737 DE 8 DE XULLO DE 2024 POLA QUE SE RECTIFICA O TEXTO DO PUNTO E) DA BASE 4 DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA O ANO 2024 DO CIRCUÍTO “+ESCÉNICAS” DE APOIO Á PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS EN GALEGO NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2024040737)

Que con data 5 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno aprobaba, con acordo número 19.34011, as bases reguladoras e convocatoria para o ano 2024 do circuítio “+ESCÉNICAS” de apoio á programación de artes escénicas en galego nos concellos da provincia de Pontevedra.



Con data 8 de xullo, a proposta da Xefatura do Servizo de Cultura, o deputado delegado da área de Cultura, en atención aos motivos de urxencia indicados na RP núm. 2024005737 de 8 de xullo de 2024, acordaba rectificar o texto do punto e) da base 4 do texto aprobado en relación co número de espectáculos máximos a inscribir no catálogo por cada compañía, empresa de distribución ou artista, segundo o tenor previsto a continuación:

Onde di: “Cada compañía, empresa de distribución ou artista só poderá realizar un único espectáculo e función en cada concello”, debe dicir: “Cada compañía, empresa de distribución ou artista inscribirá un máximo de cinco espectáculos no catálogo, dos cales só poderá realizar un en cada concello”.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Ratificar a RP núm. 2024005737 de 8 de xullo de 2024 na que se rectifica o texto do punto e) da base 4 das bases reguladoras e convocatoria para o ano 2024 do circuío “+ESCÉNICAS” de apoio á programación de artes escénicas en galego nos concellos da provincia de Pontevedra

28.34043.- COMUNICACIÓNS

Dar conta das sentenzas levadas polo servizo de ASESORÍA XURÍDICA desta Deputación:

SENTENZAS DESFAVORABLES

Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 3ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 7068/24, dimanante do procedemento ordinario nº 137/22, promovido polo CONCELLO DE SOUTOMAIOR, sobre materia de subvencións. (Expte. nº 2024008812)

Dada conta que con data 3 de xullo de 2024 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª (recaída no recurso de apelación núm. 7068/24, promovido polo CONCELLO DE SOUTOMAIOR contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra de data 5 de febreiro de 2024, ditada en procedemento ordinario número 137/22, contra o acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 25/2/22, desestimatorio do recurso de reposición presentado fronte ao acordo do 17/12/21 que á súa vez desestimou a solicitude de subvención para a humanización de determinadas rúas no programa REACPON, convocado por acordo do 28 de maio de 2021) na que desestima o recurso presentado pola administración provincial, ratificando a ditada en primeira instancia e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da mesma e, consonte co determinado na sentenza de primeira instancia do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ordena o cumprimento nos seus propios termos, e dicir, outorgándolle a subvención con intereses legais dende a data na que tivo que ser concedida.



29.- 34044 FORA DA ORDE DO DÍA.

Previa declaración de urxencia adoptáronse os seguintes acordos:

A.- APROBACIÓN DO PROXECTO E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE NÚMERO 1 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2023. (EXPTE.2024030726)

Resultando.-Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión de data 30/09/2022 acordou adxudicar o LOTE 1 - ZONA NORTE, do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 9,130%.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión extraordinaria do día 15/09/2023 acordou aprobar a primeira prórroga do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato baseado para levar a cabo obras de mellora da seguridade viaria mediante de execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 1 (Zona Norte) quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Lalín, Dozón, Rodeiro, Agolada, Vila de Cruces, Silleda, A Estrada, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Caldas de Reis, Cuntis, Valga, Pontecesures e Catoira, onde se realizarán as obras de execución de cunetas de seguridade, colocación de tubaxes para drenaxe, sinalización horizontal, execución de arquetas e recrecido de pozos.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez, memoria valorada, para a execución do “Contrato baseado Lote 1/2023 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 665.125,49 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): BTY1C27ZIGBQKAJJ.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o Contrato baseado Lote 1/2023 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.



Resultando.- Que Pola Intervención emitíuse documento AREM nº 202400005836, por importe de 665.125,49 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, existindo crédito autorizado para facer fronte a este gasto dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/1.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: LXFJDQGMIFXVUTPK informe a xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...*infórmase favorablemente o expediente...*”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. o Lote 1 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de solicitude de adxudicación do contrato baseado, á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra "Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023" por un importe estimado de 4.758,30 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con CSV: 60FV0QIS1COSD4X9 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2021053554/1, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitíu o documento RC nº 202400150866.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados, así coma todas as cuestión relacionadas dos contratos baseados do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o proxecto de execución do contrato baseado Lote 1/2023 do “*Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) NIOE2E8W5OOWOHFX, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): BTY1C27ZIGBQKAJJ.
2. Autorizar o gasto por importe de 665.125,49 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/1.
3. Adxudicar Contrato derivado Lote 1 do “*Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023*” á empresa *EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.*, (CIF B15410608) por importe de 665.125,49 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	549.690,49 €
IVE (21 %)	115.435,00 €
Importe total.....	665.125,49 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024030726.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requirir á empresa *EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.*, para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 27.484,53 €.



5. Nomear director de obra ó enxeñeiro da Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.
6. Adxudicar á empresa *TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (A28171288)* o Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saude na obra "Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023" (Expte 2024033860), por importe de 4.758,30 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	3.932,48 €
IVE (21 %)	825,82 €
Importe total.....	4.758,30 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2021053554/1.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024033860

B.- APROBACIÓN DO PROXECTO E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE NÚMERO 2 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2023. (EXPTE.2024044378).

Resultando.- O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/09/2022 acordou adxudicar o LOTE 2 – ZONA CENTRO, do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á UTE NAROM S.L.-AUDECA, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 7,970%.



Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión extraordinaria do día 15/09/2023 acordou aprobar a primeira prórroga do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato baseado para levar a cabo obras de mellora da seguridade viaria mediante de execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 2 (Zona Centro) quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Pontevedra, Vilaboa, Ponte Caldelas, A Lama, Cerdedo-Cotobade, Barro, Poio, Cangas, Moaña, Marín, Bueu, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Redondela, Soutomaior, Caldas de Reis, Portas, Moraña, Campo Lameiro, Cuntis, Cambados, O Grove, Sanxenxo, Meaño, Meis, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e Illa de Arousa, onde se realizarán as obras de execución de cunetas de seguridade, colocación de tubaxes para drenaxe, sinalización horizontal, execución de arquetas e recrecido de pozos.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 738.227,86 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): GVSJT1GXOKY2WKSL.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento AREM nº 202400006771, por importe de 738.228,55 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, existindo crédito autorizado para facer fronte a este gasto dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/2.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV:FS4GE4FIKU7FMDEL informe a xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de solicitude de adxudicación do contrato baseado, á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023", por un importe estimado de 3.811,50 €.

Considerando.- Que consta no expediente con CSV: D399A0OLS9477HV5 informe de fiscalización deste contrato no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2021053554/2, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400153457.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados, así coma todas as cuestións relacionadas dos contratos baseados do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobado o proxecto para a execución do contrato derivado Lote 2 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023” formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) NIOE2E8W5OOWOHFX, máis a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): GVSJT1GXOKY2WKSL.
2. Autorizar o gasto por importe de 738.228,55 € IVE incluído con cargo á aplicación 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/2.



3. Adxudicar o Contrato derivado Lote 2 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023” á UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L., (CIF U72478480) por importe de 738.228,55 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	610.106,24 €
IVE (21 %).....	128.122,31 €
Importe total.....	738.228,55 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024044378.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requisir á UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L., para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 30.505,31 €.
5. Nomear director de obra ó enxeñeiro da Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino.
6. Adxudicar á empresa *INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS SL*, o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023" (Expte 2024047643), por importe de 3.811,50 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	3.150,00 €
IVE (21 %).....	661,50 €
Importe total.....	3.811,50 €



Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2021053554/2.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024047643

C.- APROBACIÓN DO PROXECTO E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE NÚMERO 3 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2023. (EXPTE.2024045125)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria de data 30/09/2022 acordou adxudicar o LOTE 3 – ZONA SUR, do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L, a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 8,100%.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión extraordinaria do día 15/09/2023 acordou aprobar a primeira prórroga do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato baseado para levar a cabo obras de mellora da seguridade viaria mediante de execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 3 (Zona Sur) quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Vigo, Nigrán, Baiona, Gondomar, O Porriño, Salceda de Caselas, Mos, Pazos de Borbén, Redondela, Tui, Tomiño, Oia, O Rosal, Pontearas, Salvaterra do Miño, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneiro, A Cañiza, Covelo, Arbo e Crecente, onde se realizarán as obras de execución de cunetas de seguridade, colocación de tubaxes para drenaxe, sinalización horizontal, execución de arquetas e recrecido de pozos.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez ALonso, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 595.968,56 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): 5BB062Q5X8DLNQSG.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento AREM nº 202400007077), por importe de 595.975,48 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, existindo crédito autorizado para facer fronte a este gasto dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/3.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: T1H3F6JWDXM0QNJJ informe de fiscalización da xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.



Considerando.- Que na súa consecuencia proponse na dilixencia de solicitude de adxudicación do contrato baseado, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. para a adxudicación Contrato derivado Lote 3 do acordo marco de seguridade e saúde no "Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023", por un importe estimado de 4.404,50 €.

Considerando.- Consta no expediente con CSV: QITA2JWAPCHL8AX4 informe emitido pola Intervención no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2021053554/3, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400153505.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados, así coma todas as cuestión relacionadas dos contratos baseados do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do Contrato derivado Lote 3 do “*Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023*” formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) NIOE2E8W5OOWOHFX, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): 5BB062Q5X8DLNQSG.
2. Autorizar o gasto por importe de 595.972,96 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto nº 2021053554/3.
3. Adxudicar Contrato derivado Lote 3 do “*Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023*” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI SL (CIF B36258861) por importe de 595.972,96 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	492.541,72 €
IVE (21 %)	103.433.32 €
Importe total.....	595.972,96 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024045125.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requirir a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 24.627,09€.
5. Nomear director de obra ó enxeñeiro da Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Maria Elena Pérez Alonso.
6. Adxudicar á empresa *ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.L. (CIF, A82876905)*, o Contrato derivado Lote 3 do “Acordo marco de seguridade e saúde no "Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023" (Expte 2024047650), por importe de 4.404,50 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	3.640,08 €
IVE (21 %)	764.42 €
Importe total.....	4.404,50 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2021053554/3.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024047650.



D.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 3-2024 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE.2024047682)

Resultando.-Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2024 acordou adxudicar o LOTE 3, do “Acordo marco de obras de conservación na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 13,40%.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato derivado para levar a cabo obras de reparación de firme para mellorar a seguridade viaria na rede de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 3 quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Barro, Poio, Caldas de Reis, Portas, Cambados, O Grove, Sanxenxo, Meaño, Meis, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e Illa de Arousa, nos cales se fai necesario obras de reparacións varias para mellorar a seguridade vial.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampin Camino, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado LOTE 3-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 636.339,15 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): E1BPJZKST2B7LPUR.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “Contrato derivado LOTE 3-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento A nº 202400014444), por importe de 636.339,15 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, existindo crédito autorizado para facer fronte a este gasto dentro do proxecto de gasto nº 2023036794/3.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: NHHFU7VZGFAP9CIK informe de fiscalización da xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de solicitude de adxudicación do contrato baseado, á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Contrato derivado LOTE 3-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra", por un importe estimado de 3.811,50 €.

Considerando.- Que consta no expediente con CSV: 4I7ENZWKM2NUEG19 informe emitido pola Intervención no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2023036794/3, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400153851.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2024, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados deste Acordo Marco.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o proxecto de execución do Contrato derivado LOTE 3-2024 do “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) TY4DH5VUMCI8AOZN, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): E1BPJZKST2B7LPUR.
2. Autorizar o gasto por importe de 636.339,15 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 , dentro do proxecto de gasto nº 2023036794/3.



3. Adxudicar o Contrato derivado LOTE 3-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI SL (CIF B36258861) por importe de 636.298,73 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	525.866,72 €
IVE (21 %).....	110.432,01 €
Importe total.....	636.298,73 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024047682.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requisir a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 26.293,37€.
5. Nomear director de á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino.
6. Adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L (CIF B B81470841), o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Contrato derivado LOTE 3-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra" (Expte 2024048205), por importe de 3.811,50 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	3.150,00 €
IVE (21 %).....	661,50 €
Importe total.....	3.811,50 €



Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código nº 2023036794/3.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024048205.

30.34045.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Vicepresidente primeiro, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Vicepresidente primeiro, comigo, o Secretario que dou fe.

